

Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Rareos													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Limpezas e arados													
Zonas:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Outros													

Outras consideracións ⁽⁹⁾

A afiliación as confrarías ten carácter voluntario, polo que a asociación a estas entidades supón a aceptación da normativa que as regula, así como aos seus estatutos e acordos dos órganos de goberno. Segundo o artigo 39 do Decreto 261/2002 os membros das confrarías deben actuar conforme ao disposto nos estatutos e regulamento de réxime interior da confraría, por outra banda o artigo 69.2 do mencionado decreto establece que unha vez constituída unha agrupación integrárase nela a totalidade dos membros da confraría dese sector de produción. Segundo o escrito da xefa de servizo de fomento da organización sectorial de data 10.07.2007 dirixido á confraría de Carril, a legalidade vixente determina que, constituída unha agrupación integrárase nela a totalidade dos membros da confraría dese sector da produción (artigos 69.2 do decreto, artigo 30 dos estatutos da confraría de Carril e artigo 3 do Regulamento de réxime interior da Agrupación sectorial de mariscadoras a pé da confraría, que dispón que serán membros dela os socios da confraría que se dediquen a actividade profesional obxecto da agrupación).

Visto o exposto, non hai dúbida de que as persoas asociadas á confraría de Carril que teñan o permiso de marisqueo a pé teñen a obriga de integrarse na agrupación legalmente constituída dese sector de produción, e acatar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da confraría e agrupación.

Os plans de explotación, como ferramentas básicas da xestión dos recursos mariños polas organizacións, son o marco onde as agrupacións segundo as súas necesidades, propoñen o número de persoas que consideran necesarias para o desenvolvemento dos seus obxectivos e actividades. Polo tanto, as ampliacións do número de permisos de marisqueo a pé son avaliadas tecnicamente e autorizadas para que as persoas se incorporen ao sector do marisqueo a pé, que traballa nunha zona de produción xestionada por unha organización, coa finalidade de que se integren na profesión persoas que contribúan ao desenvolvemento do colectivo a través da mellora da produtividade da zona a explotar.

O exposto anteriormente, deberá ser tido en conta cando a agrupación de mariscadoras a pé, a través da confraría solicite novamente a ampliación de novos permisos de explotación.

A gancha e a forquilla non son artes de marisqueo a pé contempladas no Decreto 424/1993, polo que o seu emprego só poderá realizarse ao abeiro dun plan experimental.

*